

TERRA DE OUTES 70

Abril - Xuño 2025

1€



oi.
neste
n

A xurisdición de Muros (XXXII)
O fútbol en Outes
Veciños discretos de Outes (X)
O Día das Artes Galegas
dedicado a Díaz Pardo
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Alba Capelo Diz

Editorial

Tránsfugas

Tránsfuga, chaqueteiro ou chaqueteira é o que cambia de grupo político por conveniencia propia, é dicir, para favorecer os seus propios intereses. Na terminoloxía política tamén se consideran tránsfugas os que abandonan o seu grupo para favorecer as políticas doutros.

Existe un amplo consenso social e político na reprobación do “cambia chaquetas”, non só de carácter político, senón tamén ético. Co obxecto de evitar esta conduta fraudulenta, a práctica totalidade dos partidos asinaron un acordo que se coñece como “Pacto antitransfuguismo”, no cal se comprometen, entre outras moitas cousas, ao seguinte:

Non admitir no seu partido un membro procedente doutra candidatura
Impedir o uso de tránsfugas para cambiar maiorías

Expulsar da organización o concelleiro tránsfuga

Estes compromisos non se recollen nas normas legais, non teñen efectos xurídicos por si mesmos.

Aínda que existe lexislación destinada a evitar estas prácticas, que tanto prexudican a democracia ao retorcer a vontade expresada polos votantes, non abranguen nin con moito todas as formas de transfuguismo que seguen a aparecer.

Cando depositamos o voto escollemos dúas cousas: que persoas queremos que nos representen, pero, tamén, o programa e a ideoloxía do partido que presenta a lista electoral da papeleta; por iso, neste acto non só manifestamos en que persoas confiamos, senón tamén cales son as nosas conviccións sobre os programas e a ideoloxía con que máis nos identificamos; o sistema de listas pechadas evidencia a indisolubilidad partido-candidato. E isto é así porque a base da representatividade do noso sistema democrático establécese sobre dous preceptos: a) o sufraxio directo para a elección dos e das representantes; b) os partidos políticos como carles fundamentais da participación política.

Os e as representantes que resultan elixidas sono para que desenvolvan políticas acordadas co partido polo que se presentan, porque iso é o que o seu votante; o chamado voto en conciencia dos representantes só ten cabida se o partido muda de políticas unha vez depositado o voto, incumpe explicitamente o programa electoral, ou atinxe algo que non se ve claro que afecte a cuestións políticas, senón de carácter ético ou de crenzas.

En Outes, o concelleiro do PSOE modifica a maioría existente co desacordo manifesto do seu partido en todos os niveis da súa estrutura (local, comarcal...) e entrega o Goberno do Concello ao Partido Popular. Non só traizo a PSOE, senón tamén os seus votantes, que o votaron no convencemento de que respectaría a política de alianzas do partido polo que se presentaba. O Goberno anterior estaba sostido pola maioría dos votos de Outes; este novo, non, porque os tránsfugas adoitan perder a confianza dos seus votantes. A democracia foi deturpada; seguro que, polo menos de momento, todo é legal pero perdemos calidade democrática e, como sempre nestes casos, é responsabilidade de dous: do tránsfuga e dos que se aproveitan da confianza depositada nel e da fraude.

Foto da portada

Sardiñada en Santa María de Entíns coa ocasión da celebración das Fillas de María (ca. 1975)

Arriba, da esquerda á dereita: Pepa da Pacheca, Tomasita da Amarila, José de Valente (atrás), Pepita da Rega, Ana do Achero, Maruja de Castelo, Teresa de Estebo, Nelucha da Farruqueta, Marinela de Mucha, M.^a Aurora de Martiño, (descoñecida), M.^a José de Pacheca, (descoñecida) e Pacucho do Rego.

Abaixo, da esquerda á dereita: Lolita Romero, Saladina de Mucha, Luisa da Loisa, Manola da Carreteira, Marisol de Mucha, Soledad de Calixto, Carmiña de Ramón e Tina da Cunqueira.

Teatro de abril

Este pasado 5 de abril, o grupo de teatro Terra de Outes estreou unha nova obra, nesta ocasión *O enfermo imaxinario*, adaptación da obra orixinal de Molière, que foi moi aplaudida pola grande asistencia de público que na Casa da Cultura se encontrou para desfrutar dunha hora e media de ocorrencia teatral chea de sarcasmo cara á profesión médica. Dende aquí, parabéns para os compañeiros.



Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Xefe de Redacción: Mingucho Campos

Consello de Redacción: Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grañoia, S.L.

Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:
www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**



**Concello
de Outes**

Asemblea, comida e revista

Xastre

O pasado sábado, 18 de xaneiro, tivo lugar a Asemblea Xeral para expoñer as contas do exercicio de 2024, en que o noso tesoureiro, Kiko Vidal, debullou de forma ordenada cada partida, punto por punto.

Tamén se chegou a un acordo unánime de subir as cotas anuais para as persoas socias en xeral a 15 euros e para as que participan nas actividades cos barcos a 25. Despois de concluída a asemblea, degustouse unha paella entre os socios e socias asistentes, deixando entrever, polo que sobrou, que estaba no seu punto. Deseguido, nas sobremesas e o café, o noso socio e colaborador deu paso a unha pequena sinopse do contido do último número, o 69 da revista, que saía ó público esa mesma fin de semana.

Sen máis, esperando que sexa da aceptación dos nosos lectores, imos metendo brasa para que o seguinte número estea dispoñible nas datas que lle corresponden.



Sara Caamaño, toda unha campioa!

Unha vez máis, a nosa veciña de Outes, Sara Caamaño, logrou outro recoñecemento ó esforzo e dedicación, na súa especialidade de lanzamento de xavelina, no campionato de España sub-16, levado a cabo en Ourense o pasado 18 de marzo. Nesta ocasión obtivo un rexistro de 12,57 metros e liderou a clasificación en todo o momento. Como sabemos que haberá máis triunfos coma este, dende aquí mandámoslle forzas para que siga sendo un referente local en actividades deportivas cara á xente nova e, coa mesma, un vivo exemplo para todos nós. Parabéns!



Foto: La Voz de Galicia

LIBRO DE XOÁN MARIÑO

O pasado sábado, 1 de marzo, tivo lugar a presentación dun novo libro sobre os hórreos que temos no concello. Nesta ocasión tocoulles ós de San Pedro de Outes. Levouse a cabo na librería social ULA, sita na rúa da Capela e xestionada por Maitane Vicente, veciña de Santo Ourense. Para tal ocasión, o autor, Xoán Mariño, estivo acompañado tamén da outense e actual deputada da Igualdade da Deputación da Coruña, Soledad Agra. O acto estivo arroupado por unha considerable cantidade de público, que quixo asistir a un novo evento cultural da nosa asociación.



A XURISDICIÓN DE MUROS XXXII (e final)


Lista de oficios da vila de Muros (III)

Xoán F. García

Mariñeiros que serven nestes barcos: Os mariñeiros que serven nestes pataches e pinazas son cento quince, segundo as tripulacións de cada un, cuxos nomes non se expresan por non seren fixos, pois os patróns cando fan as súas viaxes levan os que son da súa satisfacción e van alternando todos ou os máis mariñeiros desta vila, e régúlaselle a súa utilidade anual a cada un dos cento quince expresados catrocentos sete reais e medio de billón, segundo os quiñóns que polas persoas lles corresponden dos fretes, ben entendido que nos pataches tira o barco a terceira parte doutro frete, e as outras dúas terceiras partes entre os mariñeiros da tripulación; e nas pinazas tira o barco a cuarta parte e as outras tres partes divídense igualmente entre os mariñeiros da súa tripulación, pero outra regulación debe entenderse faise aos expresados, ademais do xornal que como mariñeiros lles corresponde, pois ás viaxes que fan non lles estorba a pesca de sardiña.

Lanchas de falca e pesca: Unha de Antonio Sardiñeiro, outra de Andrés Suárez, outra de Francisco de Evia, outra de Martín de Lucia, outra de Mathias de Sendón en compañía do seu pai Mathias; outra de Marcos Calderón, outra de Miguel de Reloba, outra de Juan Gil de Joven, outra de Antonio Ventura López en compañía de Andrés

López, outra de Juan Antonio Suárez e Joseph de Medinilla, outra de Antonio de Malbarez, outra de Juan de Moldes, outra de Domingo de Castro, outra de Joseph de Neira, outra de Francisco García Parada, outra de Juan Varela Medrano en compañía de Francisco García da Area, outra de Pedro Hermida, outra de Ignacio Anguiano en compañía de D. Pedro Anguiano, outra de Mathias de Cendón O Vello, outra de Christobal de Longa, outra de Domindo de Evia, outra de Domingo de Ascensión, outra de Joseph Porrúa, outra de Juan Francisco Malbarez en compañía de Joseph Montes, outra de D. Antonio Calderón, outra de Juan de Lastres, outra de Simón Barreiros, outra de Alberto Giance, outra do mesmo, outra de D. Antonio Reloba, outra de Joseph Velo, outra de Antonio Cierito e compañía de Cathalina Oanes, outra de Casiano Pérez, outra de Joseph de Orjas, outra de Gregorio Barreiro, outra de D. Alberto Porrua, outra de Juan Antonio Porrua, outra de Juan Antonio Garcia da Area, outra de Bartholome Caamaño, outra de Domingo Antonio Sendón, outra de dona Maria Antonia Pardiñas e compañía de Juan Antonio de Arredondo, outra de Pedro Reloba Giance, outra de D. Domingo Antonio Malbarez, outra de D. Roque Mazeiras, outra de Agustin de Yllanes, outra de Joseph de Louro en compañía de Juan Gil de



No ano 1753 había no porto de Muros 64 lanchas de pesca dedicadas fundamentalmente á pesca da sardiña. A imaxe pertence a embarcacións de Vigo (<https://bluscus.es/historia-del-salazon-de-pescado-en-galicia-parte-i/>).

A citada imaxe reflicte a pesca con xávega, introducida polos cataláns na época, método que xerou grandes conflitos.


Joben, O Vello, outra de Martin Gómez, outra de Antonio Ramallo en compañía de D. Antonio Reloba, outra de Christobal Longa, outra de Bartholome de Hermida en compañía de Maria Josepha Malbarez, outra de D. Roque Malbarez, outra de D. Pheliphe Gonzalez, outra do mesmo, outra de Joseph Junco, outra de Domingo Antonio Priegue, outra de Plácido Díaz Porrua, outra de Alberto Bazarra, outra de Domingo Fabeiro, outra de Pedro de Hermida, outra de Antonio Caamaño, outra de Juan Antonio Pardeiro, outra de Alberto de Lojo O Vello, outra de Joseph Caamaño, outra de D. Juan Malbarez, outra de Eusevio Piñeiro en compañía de Xoana Rodríguez de Areas, outra de Domingo Antonio Sendón,
Mariñeiros: Aos deste exercicio régúlanselles dous reais

ao día que van ao mar, e o mesmo lle corresponde a cada unha das outras lanchas, de falca e pesca, pois tira un quiñón o barco igual ca un mariñeiro, e en canto ao número de mariñeiros remítense á lista que ten o xuíz de Mariña e ao que resulte das dilixencias que a súa mercé outro Sr. subdelegado está practicando.

Cuxa lista é certa e verdadeira e para que conste o asinamos nesta vila a vinte e catro de agosto de mil setecentos cincuenta e tres.

Francisco Alejandro de Silba, Domingo Antonio Malbarez, Domingo Antonio Martínez. Como substituto de procurador xeral Juan Malbarez. Juan de Ces, Juan de Mayo, Domingo Antonio Fernández Duque, Genuario de Nodal, Miguel de Camiña. Ante min, Domingo Romero Caamaño.



Optica  **OLLOS**

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Don Juan Gómez Barreiro (II)

e o fútbol en Outes

Mingucho Campos

O pasado 28 de decembro de 2024 procedeuse á inauguración da exposición sobre a farmacia que fundara no ano 1934 D. Juan Gómez Barreiro, na Casa da Cultura da Serra de Outes. No acto de inauguración, realizado co gallo do nonaxésimo (90.º) aniversario da súa fundación, interviñeron o alcalde, Manuel González López, Deolinda Gómez Molinos, filla farmacéutica e continuadora dos labores farmacéuticos do seu pai, e un íntimo amigo da familia. Todo iso adobiado cunha magnífica intervención musical protagonizada pola moza noíesa Esperanza Mara, que interpretou varias pezas musicais que resultaron do agrado da numerosa concorrencia.

No n.º 69 da revista *Terra de Outes* xa falabamos da grande paixón que sentía polo fútbol Juan Gómez Barreiro; porén, pola falta de espazo non o puidemos describir polo miúdo. O café de Ramón Molinos, coñecido popularmente como “o café do esporón” era, no entanto, centro de reunións e entretemento, testemuña de numerosas e delongadas partidas de xadrez, mais tamén de rifas máis ou menos amigables, de trasacordos e de iniciativas consensuadas sobre o desenvolvemento do fútbol en Outes. Entre moito balbordo e do moito fume, de alí saíu o consenso da constitución do “Sporting Club Serrano”. Ó respecto do anterior, coidamos conveniente facer referencia dunha recensión publicada no xornal *Correo de Galicia* no 30 de outubro de 1927, que pasamos a transcribir:

«OUTES. Fiestas.- Con extraordinaria animación y ante enorme gentío se inauguró el campo de deportes de esta villa, viniendo a contender en match amistoso el club “Hispano F.C.” de Noya, reforzado con elementos del club infantil de M.D. como Chichito, Coloón Sebastián y el Rojo, contra el “Sporting Club Serrano” local. Alinearon por el equipo local: Juanito Gómez [apodado “O Gato de Outes”], Alejandro Ovicedo, Pedrito Roldán, Paquito García, Pepito Pérez, Manolito Lago, Alfonsito García, Manolito García, Salvador Campos, José Martínez y Claudinito Outón.

Momentos antes de dar principio el encuentro, los capitanes da ambos equipos, acompañados del árbitro, saludaron a la presidencia, en donde se encontraba la capitana del equipo, encantadora señorita Luisita González Añón, la cual salió al campo con los capitanes en honor del equipo forastero. El capitán del Club “Hispano F. C.” le entregó un hermoso ramo de flores.»

Cómpre salientar que, inda que na recensión xornalística figura a data do 30 de outubro de 1927, a verdadeira inauguración do campo do Cotro produciuse no 15 de agosto de 1927, é dicir, dous meses denantes da data referida no devandito xornal. Mais ó campo do Cotro vaille suceder, co paso do tempo, a localización no Areal das actividades futbolísticas.

As mestas brétemas foron cedéndolle-lo paso a días solleiros. Deixouse que o tempo retomase, amontoase, sementase, sachase e colleitase novos froitos. Todo comezara como unha arañeira de palabras, posibilidades e esperanzas que remataran enleándose, porque endexamais se apagaron os desexos, os optimismos e mesmo as promesas. Os pensamentos e os proxectos trezábanlles no corpo como as barbas do mainzo.



Cartel dun dos campus de fútbol realizados en Outes

Empoleirados no máis alto da súa afección, endexamais deixarían apagar ou, cando menos, ensombrece-la luz do seu facho, o fútbol, entre outras actividades culturais que a estes visionarios amantes das xentes dos seus lugares nunca lles permitiron deixar de sacha-la leira que máis adiante daría unha boa colleita, perdurable no tempo

Ó respecto do anterior, imos de novo transcribi-lo seguinte documento:

«Campo do Areal
(escrito á man en letra vermella)

COMPROMISO

Los que suscriben Don Juan Gómez Barreiro, Don Ramón Molinos Villar, Don Manuel Esperante Caamaño, Don José Viña Moledo, Don Claudino Outón Muiños, Don Manuel García Rodríguez, Don José Pérez Villaverde, Don Avelino Castro Especht, Don Luis Cereijo Mayán, Don Joaquín Mayo Tubío y Don Andrés del Río Lourido, en su condición respectiva de Presidente, Vice-presidente, Secretario, Sub-Secretario, Tesorero, Delegado, Entrenador, Vocales primero, segundo y tercero y Contador, que con carácter provisional se designan para en su día formar la directiva del “Sporting Club de Outes”, a medio del presente se comprometen a la aceptación de los cargos que se les asignan y hacer cuanto esté a su alcance en beneficio del Club, fomentando y propagando la afición entre los vecinos del municipio, con el fin de obtener el mayor número de socios posibles.

Conformes, firman en Outes a trece de Octubre de mil novecientos cuarente y ocho.»

(Seguen decontino as sinaturas.)



Partido do Sporting Club Serrano no campo do Cotro. Juan Gómez é o do centro, co balón, na fila de abaixo.

Os tempos eran difíciles. A guerra civil, coma quen di, acababa de rematar e o mundo ficaba inmerso na segunda guerra mundial. En Outes, as necesidades e as carencias de todo tipo eran moi visibles, nos peitos dalgunhas xentes latexaban as xenreiras e as humillacións e mortes de seres queridos, que inda non estaban esquecidas. Non obstante, a sociedade precisaba de solaz e distraccións que combatesen e minguasen a desesperanza. Precisamente nestas circunstancias ten máis valor o labor que as persoas anteditas levaron a bo porto. Principia entón unha actividade frenética para poñer en funcionamento, malia os escasos medios, ou quizabes máis ben moi escasos, o novo campo do Areal. Juan Gómez Barreiro era a persoa que capitaneaba o barco e, como tal, o máximo responsable do éxito da empresa. O día 15 de agosto de 1949 produciase a inauguración do campo do Areal, actuando como madriña Esther Esperante Molinos, co partido xogado entre o equipo local e o equipo noiés do Barcia de Noia F. C., co resultado de 2 a 0 a prol do Outes F. C. Ás sete e media da tarde daba comezo o encontro. Polo Outes F. C. presentábase a seguinte aliñación: **Antonio, Pituso, Caeiro, Pepe; Moncho, Atán, Pián, Chucho, Caridad, Quincolo e Pillete. Actuaban de capitáns, polo Barcia, Luís Seijas e, polo Outes, Pituso.**

Moitos foron os partidos alí celebrados e numerosa a asistencia. Debemos lembrar en especial un veciño de Entíns, emigrado na procura de solución ás múltiples necesidades familiares ó Brasil, **JOSÉ MOAR ARCOS**, que doaba un trofeo que se disputaba cada día 15 do mes de agosto, día da celebración do inicio das festas patronais da parroquia de Santa María de Entíns. Era coñecido naquel entón como **“O REI DA SEDA”** na súa segunda patria pola fortuna que posuía e arduamente acadada. Un migrante ó cal a sorte lle sorriu mentres que a outros lles era negada. **Os máis.**



Presidencia do Sporting Club de Outes na inauguración do campo do Areal

O terreo deixado por Juan Gómez gozaba de boa feracidade e ficaba á espera dun novo zume, dun zume novo e refrescante de xente nova que proseguise o labor principiado. E non se fixo esperar ese novo despertar do fútbol en Outes.



Equipo do Sporting Outes Fútbol Club

Non debemos rematar esta pequena e quizabes cativa achega sen facer referencia ós campus de fútbol que dende hai 10 anos se realizan en Outes (campo do Cunchido) e que levan como nome de referencia o de **JUAN GÓMEZ BARREIRO, en lembranza de quen foi o “Gato de Outes” como xogador, un gran directivo, un magnífico promotor e un magnánimo benfeitor do fútbol en Outes.**

Como remate, un breve apuntamento á acta de constitución do Outes F. C., publicada no n.º 69 desta revista, sobre a composición da Xunta Directiva do “OUTES F. C.” na cal non aparece o nome do seu secretario (data do 17/10/1972). Cómpre dicir que, por pescudas posteriores e, concretamente, en referencia ó documento do 14/10/1972, inda que alí tampouco hai outra constancia que a da súa participación, chegamos á convicción de que Antonio Mayo Martínez foi quen redactou e certificou como secretario a devandita acta.



Trofeo doado polo veciño de Entíns, José Moar Arcos, emigrante no Brasil. Á esquerda do trofeo figura súa filla Cecilia. Campo do Areal

Nota do autor. Teño que reconece-la achega de Carlos Romero, quen, en nome do Outes F. C., me facilitou tódalas ilustracións, e algunhas máis, para poder realizar este pequeno traballo.

A política comercial de Trump e o seu impacto na economía galega

Adrián Dios Vicente

Durante as últimas semanas estamos vivindo a fin da orde económica mundial xerada despois de 1945 tralo remate da segunda guerra mundial. Unha orde mundial que, en termos económicos, aceptaba o libre comercio multilateral e a globalización como mantra para o crecemento.

A chegada de Donald Trump ao poder nos Estados Unidos está supoñendo unha clara ruptura con ese modelo, impulsado polos propios E.U.A. e Europa Occidental oitenta anos atrás. A base da nova política comercial orientase cara ao proteccionismo, en particular cara a rexións concretas. No último mes ameazouse con aranceis masivos México, o Canadá, a China ou a Unión Europea, nunha viraxe sen precedentes na política contemporánea.

A posición da administración Trump é a seguinte: os Estados Unidos manteñen un importante déficit comercial con estes países, é dicir, compran máis deles do que lles venden, polo que é necesario crear aranceis para equilibrar a súa balanza comercial. A base desta política comercial é que, con aranceis altos, a industria estadounidense poderá medrar, ao substituír cos produtos nacionais eses produtos do estranxeiro que agora teñen elevados aranceis.



Esta política, que pode ter certa lóxica económica, ao mesmo tempo parece contraditoria con varios elementos da economía estadounidense: en primeiro lugar, na actualidade a situación é practicamente de pleno emprego, polo que os Estados Unidos teñen difícil, internamente, substituír de xeito masivo os produtos que importaban do exterior. En segundo lugar, porque Trump está aplicando tamén unha agresiva

política migratoria, expulsando migrantes e non aceptando novos, o cal pode estrangular o seu mercado laboral para esa suposta reindustrialización. En terceiro lugar, porque os aranceis están sendo indiscriminados, é dicir, aplicados a tódolos produtos importados deses países. Xeralmente, as políticas arancelarias para favorecer a industrialización están orientadas a sectores concretos que queres potenciar (de feito, foi o que fixeron os Estados Unidos durante o século XIX para industrializarse), e non a toda a economía, porque, como é lóxico, os Estados Unidos non poden producir todo e retirarse do comercio mundial.


A maiores, as políticas arancelarias teñen un efecto directo sobre os prezos: os produtos importados, que agora terán que pagar un arancel, van ser máis caros dentro dos Estados Unidos, o que xerará inflación, cando menos no curto e medio prazo. Aínda non podemos coñecer exactamente ese impacto, pero de ser moi elevado poderá afectar tamén os tipos de xuro, que deberán subir, o que pode facer retroceder o investimento, ao encarecerse o crédito.

Por outra banda, os aranceis teñen impactos moi diferentes por sectores. Concretamente, o sector do automóbil poderá ser un grande prexudicado desta nova situación: hoxe en día a fabricación dun coche non se fai nun único país, senón que as pezas necesarias pasan por industrias de moitos países diferentes. En concreto, México é un enorme fornecedor deste tipo de produtos para os Estados Unidos, que verán como se encarecen. Realmente, esta situación carece de demasiado sentido, porque moitas das empresas que producen produtos intermedios do automóbil tamén son estadounidenses, polo que, en última instancia, a quen lle van aplicar aranceis non é a México, senón máis ben a empresas dos Estados Unidos radicadas en México. Este elemento ten interese porque a competencia chinesa no sector, sobre todo nos coches eléctricos, é unha grande ameaza para esta industria, de moita importancia nos Estados Unidos.

As consecuencias destas novas políticas comerciais van ter un impacto relevante na economía dos Estados Unidos, pero tamén afectarán o resto do planeta. Que a maior economía mundial vire de dirección dende o punto de vista comercial afectará a maioría das economías que, en maior ou menor medida, comerciamos cos E.U.A.

De tódolos modos, ese impacto non é igual por países: países como México ou o Canadá teñen os Estados Unidos como principal socio comercial, mentres outras economías teñen

unha dependencia inferior desta economía. Nese sentido, tamén é de relevancia observar o que acontecerá con Galiza. Aínda que non se tomou ningunha medida firme, tanto Trump como o seu goberno indicaron en varias ocasións que estudan aplicar un arancel do 25 % a tódolos produtos procedentes da UE. Simplificando: tódolos produtos que se fabriquen en Galiza e sexan vendidos nos Estados Unidos custarán un 25 % máis. Tendo en conta isto, cal é a situación do comercio exterior galego? En primeiro lugar, unha constatación: a Unión Europea é a principal área comercial do planeta, e a inmensa maioría do comercio que fan os países europeos é con outros países europeos. No caso galego, máis do 76 % das nosas exportacións son á Unión Europea. Concretamente, as exportacións cara aos Estados Unidos só representan un 2,58 % do total. É dicir, as políticas arancelarias de Trump, cando menos directamente, parece que terán un impacto limitado para nós.



Fonte: IGE (2025). Comercio exterior e intracomunitario segundo seccións e capítulos TARIC, áreas e países

Como é evidente, non tódolos sectores se verían afectados por igual; os máis relevantes das nosas exportacións aos Estados Unidos son os seguintes: produtos químicos e farmacéuticos (25 % das nosas exportacións totais aos Estados Unidos), alimentos e os seus derivados (un 14 % das nosas exportacións), a industria do transporte, tanto do automóbil (un 6,5 %) como naval (11,5 %) e a maquinaria (un 10 %). Polo tanto, estas catro actividades representan máis do 65 % das nosas exportacións totais cara aos E.U.A.

Paralelamente, as consecuencias do inicio dunha guerra comercial cos Estados Unidos poderían tamén ter efectos sobre as nosas importacións, onde os E.U.A. manteñen un papel pouco relevante, pero de maior importancia que nas nosas exportacións. No caso galego, a balanza comercial é deficitaria cos Estados Unidos, xa que importamos máis do que exportamos. Se as exportacións totais son o 2,58 % do total, as importacións representan o 6,14 %.

Neste caso, a nosa dependencia dos Estados Unidos prodúcese case en exclusiva dun único grupo de produtos, os combustibles (que representan máis do 78 % das nosas importacións dos E.U.A.), pola necesidade de importación de gas e a suba do seu prezo despois do inicio da guerra de Ucraína. Isto é moi interesante, porque as nosas importacións dende os Estados Unidos aumentaron un 219 % nos últimos cinco anos polo conflito ucraíno e a suba do prezo do gas. É dicir, a guerra aumentou as nosas relacións comerciais cos Estados Unidos de forma moi acelerada, así como a nosa dependencia enerxética deste país.

Por último, un elemento relevante: aínda que o impacto directo da política arancelaria ianqui parece ser limitado, o que si supón é incorporar un xigantesco elemento de incerteza sobre as relacións económicas no medio prazo, e isto posiblemente terá un impacto moi superior que os propios aranceis. Entramos nun novo ciclo económico, no que será fundamental tomar decisións estratéxicas para protexermos o noso futuro.



**CAFÉ-BAR
TINS**

Xerente: Manuel Tomé Antelo

Rúa da Capela, 22
15230 A SERRA DE OUTES (A Coruña)

☎ 981 851 164

Veciños discretos de Outes (X)

Xuncos, a herba chuvasqueiro

Emilio del Río

Un dos veciños máis humildes e resistentes de Outes é o xunco (*Juncus acutus*). O xunco é unha planta herbácea que medra habitualmente en brañas e terreos inundados, na cal case nunca reparamos polo moi discreta que é e polo mimetismo con que se integra coa súa contorna. No concello de Outes, os xuncos esténdense dende os prados brañentos de Valadares até as beiras mesmas do mar, mollando os pés nas augas da ría e xa en boa veciñanza con algas pardas e verdes da marea (figura 1). É unha especie botánica paleártica, do hemisferio norte, espallada por toda Europa, incluída a área mediterránea, e Asia, onde medra en todo tipo de terreos, ácidos, calcarios e mesmo pobres en nutrientes.



Figura 1. Xuncos medrando moi mestos na beiramar da praia de Siavo, no Freixo, formando densas masas. Aínda que son plantas herbáceas, medran en boa veciñanza coas algas verdes e pardas que cobre a marea alta no seu fluxo diario.

Os xuncos teñen un porte habitual de 50 a 70 cm, aínda que en condicións favorables pode acadar metro e medio de envergadura. As follas son focas e lixeiras e as puntas rematan nunha agulla, algo seca e punzante, da cal lle vén o nome linneano de “*acutus*”. Propágase por sementes que medran en inflorescencias e que abrollan de abril a setembro. Con todo, o seu crecemento máis habitual é formando *rodais* mestos, como boa herba cespitosa ou tapizante que é, por estolóns ou rizomas soterrados ou a rente do chan. No caso dos xuncos que medran nas beiras mesmas dos cursos de auga ou do mar, non é raro que se diseminen de forma venturosa polas correntes, riadas, mareas vivas e que, pola deriva das augas e os ventos, colonicen novos territorios. Cómpre indicar tamén que os xuncos poden confundirse con outras herbáceas lacustres (que medran en terreos empozados e brañas) como os *Scirpus* ou antelas ou as xuncas ou xungas (*Cyperus longus*). Un dos usos tradicionais en Galicia dos xuncos é a confección de corozas, as tradicionais “gabardinas” dos nosos labregos e

pastores, das cales non temos noticia en Outes, onde os mariñeiros tendían a usar teas embreadas para protexerse da auga, pero que si se elaboraban de forma artesanal na Galicia interior e onde aínda queda algún dos últimos coroceiros no concello ourensán de Calvos de Randín, que pode rastrearse na Internet doadamente. As corozas son un auténtico chuvasqueiro e un magnífico abrigo ao mesmo tempo. Teñen un afastado parentesco cos nosos sancosmeiros e son, coma estes, exemplo de aproveitamento de recursos naturais e de proximidade e, aínda que duran moitos anos se se coidan e manteñen enxoiados entre molladura e molladura, son reciclados pola natureza na súa totalidade, volvendo a ser a terra de que viñeron. De feito, moi probablemente chegan até os nosos días dende o Neolítico máis remoto, hai máis de 6000 anos, cando comezou o amansamento de especies animais como gandería e precisaban certo labor de acompañamento e pastoreo. As corozas son hoxe en día cobizadas pezas de museos etnográficos e atópanse representadas en moitos deles, co Museo do Pobo Galego como centro de referencia.



Figura 2A. Pequena figuriña de Cerámica Celta propiedade do autor, da etapa xa histórica desta fábrica, referencia nostálgica do ser galego, que representa un cego con zanfona, personaxe representativo das nosas feiras tradicionais, acompañado dunha cativa, probablemente a súa propia, que lle axuda a modo de guía e asistente. Ambos aparecen vestidos con corozas tradicionais. Figura 2B. Código QR da ligazón do vídeo de YouTube sobre as fases de fabricación das corozas, no cal pode verse esta actividade, probablemente milenaria, desenvolvida en todas as súas fases de fabricación nun documento gráfico e etnográfico de altísimo valor.

O proceso de elaboración das corozas comeza co apañado dos xuncos. Nas áreas máis solleiras e baixas este labor tiña lugar en xullo e agosto, e nas máis altas e frías, no fin do verán. A continuación, procédese ao seu secado ao sol e a un lixeiro mazado en pequenos mandiños soltos ou en monllos atados para

esfiar as fibras das que están compostas as follas, darlles lixeireza, facilitar a formación de cámaras de aire que protexan o portador ou portadora e faciliten a escorregadura da auga sen que cale demasiado. Algo semellante, tamén, a como sucede nos teitos de colmo das nosas pallozas ou das casas de 1 andar bretoas, normandas, inglesas e irlandesas, todas elas de feitura vexetal, aínda que neste caso a cuberta era habitualmente da carriza que medraba nas áreas pantanosas próximas máis que de colmo de centeo. E mesmo nos tradicionais palleiros que tan vizosos adornaron as nosas eiras e xa, practicamente, non se ven porque



Figura 3. Bolso de artesanato portugués, fabricado con xuncos, mercado polo autor na feira semanal de Lamego, no val do Douro. Confeccionado con xuncos, corda de esparto para as asas, coiro de ovella e cosido de algodón, é un exemplo de produto respectuoso co medio, ao cal volverá enteiramente un día afastado, sen deixar residuos.

a herba seca e a palla empacada ou ben estirada gárdase máis nos pendellos e cubertos.

Vestir as coroza requiría poñer previamente unha pequena capiña chamada habitualmente “mandil”, que melloraba o illamento e evitaba que estragase a roupa, xa humilde, de pastores e campesiños e evitaba o tacto bravo da coroa. A coroa máis sinxela pode ser unha capa ou peza única, cunha asa para pendurar e secar no curuto da carapucha, ou compoñerse de dúas pezas diferentes: un abrigo que se ataba ao pescozo, ocasionalmente cunha pequena esclavina que permitía, entre unha parte e outra, sacar os brazos para os labores necesarios, e unha segunda peza adicional a modo de longo pucho cónico de mariñeiro e dunha altura de máis de medio metro, chamado “carapucho” e que se ensamblaba co abrigo do mesmo modo que as tellas dun tellado. En ambos os casos, realizábase un trenzado horizontal das fibras verticais na parte superior. Nalgúns casos, particularmente nos pastores que coidaban o gando e pasaban moito tempo á intemperie no máis duro do inverno e que apenas se protexían nunhas choupanas de pedra que no Xurés se chaman “chivanas”, esta indumentaria completábase cunhas polainas tamén de xuncos. Todo o conxunto podía pesar máis de 10

quilogramos de peso, particularmente cando a auga ía calando as sucesivas capas de protección.

A espectacularidade e teatralidade da coroa como vestimenta, que lles confería aos nosos labregos e pastores de antano un porte de xigante, e case heroico na súa humildade, chamou poderosamente a atención de moi diversos artistas, de pintores como Dionisio Fierros, co seu cadro *Pastor galego con coroa*, que se conserva no Museo Provincial de Lugo, ou retratos de época de fotógrafos míticos como Ruth Matilda Anderson, que inmortaliza personaxes con coroas en distintas ocasións do seu traballo documental e etnográfico. Tamén é ben coñecida a fotografía do mozo Francisco Fernández del Riego con coroa. Os personaxes con coroa foron tamén fonte de inspiración para esculturas e figuras de cerámica, como as figuras de Acuña para Cerámica Celta en que se representa unha muller con coroa ou a de cego con zanfona e a súa filla de *lazarillo*, ambos os dous personaxes da figurina con coroa (figura 2A).

O proceso de fabricación artesanal pode visualizarse nun vídeo de YouTube que devén nun abraiante e fermoso documento etnográfico e unha testemuña entenedora do duro da vida dos nosos maiores, da súa dignidade, longanimidade e agudeza para aproveitar os recursos de proximidade, ao cal se pode acceder directamente obtendo a ligazón coa cámara do móbil polo código QR (figura 2B) e que animamos vivamente os lectores a ver e desfrutar.

Finalmente, os xuncos tamén se utilizan para tecidos, cestería e bolsos lixeiros de diversa feitura (figura 3) e para trenzar cordas improvisadas, de “fortuna” e curta duración, cunha función limitada, con que se ataban os feixes de herba para o gando. Tamén como fibras de atado de viñas, tomateiras e demais amarres de horta, destinados a durar poucas semanas e volver á terra de que viñeron. De forma tradicional, os nenos e nenas de antano, con escasos recursos materiais e sen pantallas pero cunha grande imaxinación e destreza manual tecían trenzas, colares, pulseiras, adornos e bagatelas diversas. Mesmo lilos, xoguetes ou enredos como a grileira que amosa Luís do Río en TikTok e da cal podemos ver unha imaxe e unha ligazón QR máis abaixo (figuras 4A e 4B).



Figura 4A. Grileira ou gaiola de grilos como enredo tradicional dos nenos, cuxa confección podemos ver no vídeo do código QR da figura 4B.

Entrevista a...

Alba Capelo Diz

Boas a todos! Antes de presentarme e contarvos un pouco da miña historia, querría mandar saúdos a todos os lectores da revista *Terra de Outes*. Espero que vos guste o que vos vou contar e que tras ler estas liñas se me coíza un pouquiño máis. Intentarei que sexa ameno e comprensible para todos. Imos alá entón!

Para os que non me coñezan, eu son Alba Capelo Diz. Xa hai 27 anos, aló polo inverno de 1998, nacía eu nunha pequena aldea chamada Couso de Abaixo, na casa de Capelo. Para situaros un pouco, esta aldea atópase nun pequeno val moi bonito atravesado polo río Donas, río que fai de linde entre os concellos de Outes e Negreira e que desembocará na ría de Muros e Noia. A verdade é que non puiden nacer nun sitio máis bonito ca ese. A miña aldea está composta soamente por 9 casas. Pero, para ser una aldea pequena, eramos un bo grupo de nenos. Recordo que nos xuntabamos cos veciños doutras aldeas como Cabanamoura, Vela etc. e reuníamonos na fonte, que era como o centro da aldea, lugar que foi testemuña de moitas aventuras, contos, anécdotas e, sobre todo, trasnadas.

Relativo á educación, ata os 3 anos fun a unha gardería que había en Pesadoura (Alvite). A verdade é que non teño moitos recordos destes anos porque era moi pequena, pero a gardería estaba situada no local social onde agora se usa como sede da parroquia para votar nas eleccións.

De aí pasei á escola infantil que había en Santo Ourense. Só teño recordos bonitos e felices en que estiven rodeada de compañeiros maravillosos e, por suposto, da mellor mestra que un pode ter, Mensi Cortizas. A escola era un local pequeno dividido en 3 espazos: unha entrada onde colgábamos os mandís, un adicado á ensinanza e outro onde había xoguetes e cousas de lecer. Tamén tiñamos un espazo de lectura onde os maiores lles liamos os contos aos máis pequenos, porque eramos os que xa tiñamos algo de soltura lendo. Recordo que cada venres todos elixiamos un libro e, mediante un rexistro do cal se encargaban os maiores, podiamos collelos prestados. Ademais diso, faciamos moitas actividades e excursións. Celebrabamos o magosto cunha festa enorme onde asabamos castañas e onde acudían todos os pais, tamén nos disfrazabamos polo entroido con disfraces feitos por nós, plantabamos castiñeiros, íamos de excursión etc.

Por todo isto, só teño boas palabras e bonitos recordos desta etapa e en gran parte é grazas ao ben rodeada que estiven. Ademais, quero agradecer a Mensi por todo o que nos ensinou, pola paciencia que tivo con todos nós e por facer desa etapa unha das mellores.



Rexistrando os libros de préstamo cada venres.

Con 6 anos, entrei no colexio CEIP Plurilingüe da Serra de Outes para iniciar así a primaria. Recordo que me custaba un pouco adaptarme ao principio, debido a que coñezo máis nenos, xa teño profes diferentes, pero, ben, a verdade é que me adapto rápido. Entre en contacto por primeira vez coa música e coa ximnasia e convértese nas miñas materias preferidas. Eu sempre fun unha nena bastante aplicada e estudosa e por esa parte nunca tiven problema coas notas, así que

remato a escola con moi boas notas en todos os cursos. O que máis me gustaba do colexio da Serra era o enorme patio dividido en varios campos onde podías xogar a moitas cousas diferentes. As xuntanzas no magosto con outros colexios dos arredores era un acontecemento que esperabamos con ansias. Recordo, sorrindo agora mesmo, o nerviosos que estabamos, sobre todo os maiores (5.º e 6.º curso), cando viñan rapaces doutros colexios, porque había rivalidade e eramos moi competitivos e sempre queríamos gañar en todos os xogos populares. Outros dos moitos acontecementos que esperabamos con ilusión eran o entroido e o festival da fin do curso.



Eu mesma plantando un castiñeiro en Guende.

De aquí paso a cursar a educación secundaria obrigatoria no IES Poeta Aión, tamén na Serra. Esta etapa xa a recordo máis complicada, xa que me atopo nun centro novo, teño novos profesores, novos compañeiros, xa tes que asumir máis responsabilidades, o nivel dos estudos aumenta e xa empezas a construír o teu futuro. Por outro lado, o 4.º da ESO para min foi un pouco angustioso e frustrante pola maior carga de traballo que tiñamos e porque, ademais, xa comezan a informarnos de todas as saídas profesionais. Recordo estar na miña casa pensando que me gustaría ser de maior e dubidando porque me gustaban moitas cousas. Finalmente, remato a ESO outra vez con moi boas notas, pero con moitas dúbidas do meu futuro. Voulle moi feliz porque remato unha etapa e comeza outra.

Os dous anos seguintes fago o bacharelato de ciencias en Noia, no IES Virxe do Mar. Recordo o bacharelato como unha etapa difícil e dura. Son sincera, para min o bacharelato foi estresante, estudando sen parar e baixo a presión debido á preparación da selectividade. Ese ano recordo que houbo momentos en que o pasei mal polo simple feito de que ás veces tiña a sensación de que non chegaba a todo, de que non me daba tempo a estudar ben as cousas. A partir de que me considero unha persoa bastante comprometida co que fago e que sempre quero conseguir o que me propoño como obxectivo, iso xeraba en min máis presión. Agora, véndoo dende outra perspectiva 8 anos máis tarde, vendo ata onde cheguei, creo que foi unha etapa difícil pola que tiveron que pasar para acceder á universidade, pero, como xa dixeran, é unha etapa, todo pasa e o bo sempre chega. Non todo foi malo, coñecín moita xente e aprendín moitas cousas, que diso se trata: de evolucionar e seguir adiante.

Remato por fin o bacharelato, de novo con moi boa media, e fago a proba de acceso á universidade (PAU) en xuño de 2016. Recordo as semanas previas un pouco caóticas porque non quería estudar e custárame bastante centrarme. Recibo a nota dos exames en xullo e, a partir de aí, teño que decidir o meu futuro. Recordo que tiña 3 opcións, unha era Bioloxía, outra Farmacia e, a outra, Química. A decisión tomeina no último momento no coche, de camiño a depositar a matrícula na universidade. Estaba bastante dubitativa, pero finalmente decanteime por Bioloxía simplemente porque sempre fun unha rapaza moi curiosa, gústame moito os animais, todo o relacionado coa natureza e ao mesmo tempo encántame a bioquímica. Por esta razón, considerei que a bioloxía podía englobar todo isto e alá fun. Matricúlome en Bioloxía en 2016 na Universidade de Santiago de Compostela. Considero que o segundo e o terceiro foron os máis duros da carreira, pero sen dúbida destaco o segundo como o peor. Nese ano valorei moitas cousas e ata inclusive cheguei a pensar deixalo. Non sei, creo que a todos se nos pasa ese pensamento pola cabeza nalgún mal momento,




Foto posando ao lado do póster que presentara no congreso organizado pola Sociedade Española para o Estudo da Obesidade (SEEDO) en 2022, realizado en Barcelona.


cando sentes que non podes máis, nun momento de tensión etc... Ese ano foi duro porque coincidíronnos 3 ou 4 das materias máis densas da carreira (Bioquímica, Botánica e Zooloxía) no mesmo cuadrimestre. Remato o segundo e comezo o terceiro da carreira. Aquí complicaseme un pouco en xuño porque ao mesmo tempo empezo a traballar en Esteiro nun restaurante durante todo o verán. Remato de traballar a finais de agosto e, case sen descansar, comezo a principios de setembro as prácticas obrigatorias da carreira no laboratorio de endocrinoloxía do IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela) situado no Hospital Clínico de Santiago. Este sería o meu primeiro contacto cun laboratorio de investigación. Comezo o cuarto da carreira en setembro de 2019 e convértese no mellor ano, porque este ano puiden elixir moitas das materias, das cales a maioría me gustaron moito. Fago o Traballo de Fin de Grao experimental no Grupo de Investigación de Patoloxía en Acuicultura, dirixido polo catedrático Manuel Luis Lemos Ramos, no Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global (IARCUS) de Santiago de Compostela. Alí, estudo e traballo con bacterias que están presentes en especies mariñas como peixes e bivalvos. Análizo os factores de virulencia que usan estas bacterias para poder crecer e infectar e a súa efectividade á hora de matar o seu hóspede en relación coa expresión dun factor de transcrición, que, basicamente, é unha proteína que interacciona co ADN para regular a función dalgúns xenes. En marzo de 2020 comeza o estado de alarma, o cal fai que teñamos que volver para a casa e comezan as clases en liña. Tras 4 meses de clases en liña, remato a carreira e gradúome como bióloga en setembro de 2020.

Nese mesmo ano 2020, comezo o máster de Investigación Biomédica da Universidade de Santiago de Compostela. Inicialmente comezamos con clases en liña ata novembro, que é cando podemos volver de novo á presencialidade. Entón, múdome en novembro de 2020 de novo a Santiago. En febreiro de 2021 comezo o Traballo de Fin de Máster no laboratorio Gene Regulatory Control in Disease, que sería, en galego, Control da Regulación Xenética en Enfermidades, dirixido polos investigadores principais Marta Varela Rey e Ashwin Woodhoo e situado no CiMUS (Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas). Inicialmente comezamos sendo 5 ou 6 persoas, pero actualmente somos 25. O laboratorio está dividido en dúas liñas de investigación: unha parte dedicada ao estudo do sistema nervioso periférico, e na outra parte do laboratorio, que é na que me atopo eu, estamos centrados no estudo de enfermidades hepáticas. Investigamos mecanismos moleculares relacionados con respostas celulares hepáticas ás enfermidades crónicas do fígado de diversas etioloxías, como poden ser a enfermidade do fígado graxo non alcohólico, a enfermidade colestásica, así como a resposta rexenerativa hepática tras a resección hepática. Traballo durante 5 meses desenvolvendo o Traballo de Fin de Máster, onde aprendo moitas técnicas básicas de laboratorio e comezo a desenvolverme por min mesma, introducíndome moito máis na investigación. En xullo do mesmo ano remato o máster e voume de vacacións, xa que sería o meu último verán completamente libre. Ofrecenme facer o doutoramento no mesmo laboratorio e acepto.

En setembro de 2021 matricúlome no programa de doutoramento de Medicina Molecular da USC, comezando así a miña etapa de estudante predoutoral. Será un longo camiño ata rematar. O primeiro ano comezo a asistir a congresos onde presento o meu traballo, tanto en formato póster como en presentación oral e,

ademais, obtíño o certificado do Curso de Experimentación Animal B e C, necesarios para poder manexar e traballar con animais, comezando así estudos con ratos e ratas.

Despois de tanto traballo e esforzo, o 8 de agosto de 2023 publicamos por fin este traballo na revista *Cell Metabolism*, que é unha das mellores revistas no ámbito mundial e con máis prestixio. Este sería o meu primeiro artigo como primeira autora. O título do artigo en galego é "Os niveis hepáticos da S-adenosilmetionina regulan a resposta adaptativa ao xaxún" e podedes atopalo na Internet na revista *Cell Metabolism*.



Para traballar con células, usamos estas cabinas, chamadas campás de fluxo laminar, para evitar contaminación de bacterias, lévedos ou outros organismos. Existe como unha barreira de aire que evita que o aire de fóra entre, proporcionando un ambiente limpo e estéril para traballar.

No artigo demostramos que en ratos existe unha molécula hepática que actúa como un sensor metabólico da nutrición para axustar a resposta catabólica ao xaxún. Esta molécula é moi importante no fígado e no organismo, xa que é necesaria para manter o ADN e moitas outras moléculas como proteínas, sen sufrir alteracións. A conclusión é que a presenza e a formación desta molécula no fígado en situacións de xaxún, nas cales non obtemos nutrientes por vía oral, é moi importante, xa que protexe o fígado dun continuo catabolismo inducido e, polo tanto, que se produza un dano hepático. Debido a que non obtemos enerxía da comida que inxerimos, temos que obtela doutro sitio, que son as graxas que están almacenadas. O fígado está continuamente funcionando e procesando os ácidos graxos que lle chegan, que proveñen do tecido adiposo, para producir enerxía. Ás veces, cando os hepatocitos, que son as células do fígado, traballan moito, xeran moléculas daniñas que producen estrés oxidativo e, se se acumulan en moita cantidade, poden xerar un dano celular, producindo mesmo a morte das células; por iso é tan importante a molécula SAME para regular a resposta catabólica que se produce no xaxún.

Agora, en marzo de 2025, no que xa é o meu cuarto ano da tese, estou centrada noutro proxecto de investigación, ao mesmo tempo que colaboramos con outros laboratorios e investigadores de ámbito estatal e internacional. Como xa dixer, esta longa e dura etapa está chegando ao seu fin; espero en xuño de 2026, se todo vai ben, estar escribindo e depositando por fin o manuscrito.

E, despois de contarvos onde estou agora, preguntarádesvos que plans de futuro teño. Pois, sinceramente, non sei moi ben que farei; cando chegue o momento decidirei o mellor para min e tamén dependerá de como remate esta etapa, xa que a ciencia é satisfactoria e dá alegrías cando os resultados saen, pero, ao mesmo tempo, é tamén moi difícil e dura.

Para rematar, quírolle agradecer a todo o colectivo de membros da **Asociación Terra de Outes** esta oportunidade, en especial a Xosé Manuel Vázquez, por deixarme escribir estas liñas e contarvos un pouquiño da miña historia, quen son e de onde veño.

Estamos nunha encrucillada

Xaquín Rubido
(Presidente da Plataforma en Defensa da Ría da Arousa)

A alguén pode parecerlle alarmista este titular, mais a realidade supéao. Tamén poderíamos poñer un SOS á pesca e o marisqueo tradicional. Pero, antes de nada, os datos da ría máis produtiva de Galicia, a ría de Arousa, por si sós. As perdas económicas do marisqueo no cuatrienio 2021-24 foron de 44,6 millóns de euros e, particularmente, as do ano 2024 foron do 50 % a respecto do quinquenio anterior. En 2024 producíronse 1166 toneladas de bivalvos fronte á media de 2572 t/ano do quinquenio anterior. E os permex de marisqueo seguen baixando, aínda que moita xente está aguantando e pagando a s.s. de autónomas para poderse xubilar (o 50 % das mariscadoras son maiores de 50 anos, IGE). Dentro de nada apenas van quedar unhas poucas e con elas vaise o coñecemento do medio e a experiencia profesional. Unha mágoa!

E a pregunta lóxica é que fai a Xunta de Galicia, que ten todas as competencias: mirar para outro lado e falar do cambio climático. Se Ancelotti o soubese, ficharía a Rueda para substituír a Courtois.

Que está pasando? Preguntarase a persoa lectora. Ben, trátase dun cúmulo de circunstancias que debuxan un novo escenario, diante do cal hai que tomar medidas urxentes; claro, sempre e cando queiramos protexer e impulsar a nosa produción marisqueira, por certo, da que somos unha potencia europea, garante a nosa soberanía alimentaria e contribúe a amortecer o cambio climático fixando o CO₂ na cuncha dos bivalvos.

Este novo escenario está marcado por unha menor intensidade e frecuencia do vento nordés, que é o vento responsable do baleirado das augas superficiais da ría, o cal provoca que entre a auga fría e profunda do océano, introducindo os nutrientes nas augas superficiais, onde entra a luz, activando a cadea alimentaria e renovando as augas interiores da ría. Este binomio MENOS NORDÉS-MENOS AFLORAMENTO/RENOVACIÓN DAS AUGAS é o que caracteriza este novo escenario.

Que facer? Parece claro que o nordés non se pode regular no DOG; entón, teremos que centrarnos nas consecuencias da menor renovación das augas da ría: que a contaminación se dilúe moito menos e ten máis impacto nuns bivalvos debilitados porque teñen menos alimento porque hai menos afloramento. Ou sexa, controlar as verteduras dun xeito rigoroso, resolver dunha vez por todas as deficiencias das EDAR, non situar na bacía do Ulla industrias tan claramente contaminantes e consumidoras de auga como ALTRI e a MINA DE COBRE DE TOURO e regular os desencoros cunha normativa que impida facelos con marea baixa e obrigando a demodular a saída da auga doce para que teña menos impacto. En resumo, amortecer esa menor renovación das augas cunha maior presión sobre a contaminación.

E claro, adicar cartos a facer unha rexeneración dos bancos marisqueiros, de xeito que as mariscadoras poidan cobrar dignamente facendo ese traballo tan necesario, porque son elas, e eles, as que mellor coñecen o lugar onde levan traballando toda a vida. Pero nos

orxamentos da Xunta non hai rastro de que queiran facer esta importante tarefa; logo, non parece que a vontade política do actual Goberno autonómico sexa resolver o problema. Parece máis ben que queren mudar de modelo produtivo. Seica para eles, os que teñen os fíos, é máis importante darlles entrada neste país a empresas transnacionais que queren beneficios rápidos exportando cobre e pasta de celulosa, sen deixar a riqueza aquí, é dicir, sen transformar e crear un tecido produtivo. Empresas que consomen moita auga (46000 m³/día e 19000 m³/día, Altri e a mina, respectivamente) e xeran moita contaminación que vai parar ao río Ulla.

Estamos falando de períodos de concesión importantes, 75 anos Altri e 90 anos a mina. Isto lévanos a preguntarnos cal é o escenario de cambio climático e como afecta ao caudal do río. A resposta é taxativa: xa está afectando, cada vez haberá menos caudal, máis temperatura, máis evapo-transpiración e menor capacidade de recarga dos acuíferos. Dino todas as prospeccións ("Evolución do impacto do cambio climático nos recursos hídricos e secas en España", MITECO, 2017). Con este panorama non parece moi sostible para o conxunto das galegas impulsar a plantación de eucaliptos e promover industrias de enclave do século XIX. Agora ben, parece claro que alguén se vai beneficiar ás nosas costas: os accionistas desas empresas e as presuntas portas xiratorias que conectan directamente o Goberno da Xunta coas elites empresariais. Todo isto de que falamos lévanos a denunciar que o que realmente se está promovendo desde o PP é un cambio de modelo socioeconómico e cultural. Porque vai mudar a paisaxe cultural deste país cando non teñamos nen marisco, nen bateas, nen queixos..., nen auga, nen gastronomía. Imos ser máis pobres como sociedade e as condicións ambientais van ser moito peores, con moitos concellos que toman a auga do río Ulla, cunha estacións potabilizadoras incapaces de retirar moitos dos contaminantes que botan esas empresas. Solucións? Non nos queda outra que mobilizarnos en contra destes proxectos e temos unha cita ben pronto, o sábado 22 de marzo, Día Mundial da Auga, na Pobra do Caramiñal, manifestación por terra e por mar, ás 12 do mediodía. Saúde.



Foto: EFEverde

O Día das Artes Galegas dedicado a Díaz Pardo

Pilar Sampedro

A Real Academia Galega de Belas Artes (RAGBA) decidiu dedicarlle o Día das Artes de 2025 a Isaac Díaz Pardo. Nunca se lle dedicara a alguén tan próximo no tempo; isto fala do merecemento deste artista.

Non hai moito tempo que a RAGBA instaurou o Día das Artes Galegas, seguindo o ronsel do Día das Letras Galegas. Todo comezou en 2015 co mestre Mateo, o escultor que marcou o Románico facendo sorrir a Daniel no Pórtico da Gloria. A data estaba inscrita nese lugar da catedral (1 de abril).

A partir de aí, celebramos a Castelao, o pintor e humorista gráfico que nos leu a alma. Continuou con Maruja Mallo, o surrealismo dunha "sen sombreiro" que inaugurara o CGAC coa súa obra. En 2018 foi o tempo de Alejandro de la Sota, a arquitectura do movemento moderno que nos deixou obras como o ximnasio do colexio Maravillas. Seoane foi homenaxeado en 2019, o artista que tivo que desenvolver a súa obra no exilio e que man á man creou o Laboratorio de Formas para botar a andar dende a cerámica de Sargadelos ata as empresas culturais (Museo Carlos Maside, Edicións do Castro, Novo Seminario de Estudos Galegos...) que nos facían soñar cun país distinto. En 2020, Domingo de Andrade, o noso arquitecto do Barroco que ergueu a torre da Berenguela para que a néboa a faga levitar e a tripla escaleira de San Domingos de Bonaval para debuxar matemáticas imposibles. O 2021 continuouse honrando a Andrade porque unha pandemia paralizara o noso mundo e era necesario darlle tempo ao tempo. Iso honrou a RAGBA, que ampliou o ano para que o arquitecto non vise lastrada a súa homenaxe, o que non pasou coa RAG, que decidiu seguir adiante, igual porque ese ano malfadado fora o de Ricardo Carballo Calero, que tanto traballo custara, un golpe de sorte para a Academia e de mala sorte para o autor.

Laxeiro foi o seguinte en 2022, o artista de Lalín que nos mostrou o transmundo, o grotesco e a tenrura a partir de trazos grosos e figuras de estética granítica. Tocaba música ou íamos esquecer que a RAGBA recolle tamén ese ámbito xunto co da pintura, escultura e arquitectura; por iso, o 2023 foi o tempo de Martin Codax, o autor das cantigas medievais das cales deixou pauta da música e trouxo ao Día das Artes o esplendor do medievo que nos lembrara o mestre Mateo. En 2024 apareceu a escultura no centro da actualidade con Asorey, o artista que nos representou ata o punto de ser denominado o escultor da raza, con obras que xogan coa xeometría e a natureza, coa pedra e a madeira policromada, o panteísmo acompañando a alma desta terra e as súas pezas situadas pola xeografía.

Cada ano, a RAGBA leva a cabo diferentes iniciativas que recoñecen o artista, dende exposicións en diferentes lugares ata edicións importantes que percorren os centros do Instituto Cervantes, un acto imprescindible ese un de abril no lugar en que o autor ou autora naceu e outra serie de actividades que parten do tipo de obra e creador.

Este ano, celebraremos a Díaz Pardo en Compostela, a cidade que o viu nacer na rúa das Hortas, alí onde tiña o obradoiro seu pai e onde el fixo as primeiras aprendizaxes. O acto central da RAGBA desenvolverase no teatro Principal e unha exposición sobre a súa obra ocupará o Museo de Belas Artes da Coruña. Pero, no ámbito popular e cidadán, a veciñanza da Plataforma Galeras de Santiago vai levar a cabo unha serie de actividades que o colocarán, de novo, no centro da actualidade. Xa o fixeran en 2020, cando se conmemorara o centenario do seu nacemento. Daquela, levárase a cabo "Unha tapa para Isaac" con diferentes establecementos da restauración na zona e algunhas veciñas participaron na homenaxe que Alento Esbravexo puxera en marcha e denominara "Unha manda de pezas para Isaac". Agora, retoman a actividade xunto coa colaboración do

comercio da zona, que colocará o cartel e algunha peza de Sargadelos nas vidreiras para lembrar o ilustre veciño, organizarán unha pequena exposición de pezas de coleccións particulares na Casa das Máquinas ao tempo que a especialista en arte Mercedes Rozas impartirá unha conferencia sobre Díaz Pardo como artista.

Non é baldía a participación da sociedade civil nunha homenaxe deste tipo. Nunca antes se producira con ningún dos outros homenaxeados, pero é que Isaac Díaz Pardo é outra cousa. O home que deixou a pintura no momento en que estaba triunfando para dedicarse á cerámica e así crear unha marca que identificase Galicia en calquera lugar. El, con Seoane, crearon unha Bauhaus en que, bebendo da tradición e sen perder de vista a vangarda, puxeron o país no mundo para que a nosa diferenza o enriquecese (en palabras de Seoane). Unha industria cultural que facía posible unha editorial en que publicar os libros da memoria histórica e moito máis, un museo no cal mostrar as obras das nosas vangardas, un novo Seminario de Estudos Galegos facendo realidade o soño de Castelao no exilio, un Instituto Galego da Información (de onde ía saír o xornal *Galicia*, en galego) e unhas tendas en que a cerámica se vendía ao lado dos libros e acompañaba exposicións e conferencias para converter o comercio na casa de cultura que naquel tempo non existía e facer de embaixada cultural de Galicia no exterior. Cantos soños máis non poñería en marcha este artista se non houbera un mal fado que acaba con todo?

Despois da idade de prata da República, en plena ditadura, Isaac creou esa utopía que se volveu contra el para converterse en distopía. A historia máis triste xamais contada, a traizón vertebrada e o asombro que acode a nós -aínda hoxe- cando miramos esa obra: como puido facer tanto? como puido esquecerse tanto de si mesmo para centrarse no país?

Foise de Santiago con dezaseis anos, fuxindo, despois de que asasinasen seu pai. Con súa nai perdendo a razón, que xa non recuperaría antes de morrer de pena. Oculto, agachado neses primeiros anos de guerra, estudando e traballando sen pausa pola Terra porque ninguén houbo tan xeneroso, ninguén nos dou tanto... A súa louza, as súas figuras seguen nas casas lembrándonos que houbo un tempo de dignidade en que alguén coidou de nós e nos puxo no universo mundo. Agora, o realismo máxico conta que esas pezas choran facéndonos lembrar a oportunidade perdida de recobrar algo do edén primixenio.

Natalia Fernández tivo claro que un país que facía o que fixo coa xenerosidade e a entrega de Díaz Pardo era perigoso e, diría eu, non merece esa segunda oportunidade dos pobos condenados a cen anos de soidade.



Pentesilea

Henrique Álvarez

O que che conto é, dirás, unha bobada, mais ten polo menos a virtude de ser certo. Cando tiña vida, era o meu costume coller a cana e a bicicleta, unha ou dúas cervexas, o paquete de tabaco e coa mesma irme ao río, a algunha postura tranquila, a quince ou vinte quilómetros da casa. Ao chegar a algún sitio apetecible, baixaba o tentemozo, poñía a bebida a arrefriar na auga á sombra dalgunha árbore de ribeira, untaba a pel visible de repelente contra a bicharía e montaba cana e aparello. Despois, quedaba a calma entre esperanzada e contemplativa, fumándolle de cando en vez un pito, ocasión que moitas veces aproveitaba a boga ou a troita para tentarme. Pasado un tempo prudencial, máis curto canto máis reticente a pesca, sacaba unha cervexa do río e abría.

Aquela tarde estaba sendo moi tranquila. A compañía eléctrica debiera pechar a presa inferior e abrir a de arriba, o nivel da auga subía e, en tales circunstancias, os peixes andan nerviosos, non pican ou fano con desconfianza.

Levaba para dúas horas sen máis que algún tenteo curioso do cebo cando contemplei o que che vou narrar. Unha gaivota, que levaba un bo pouco planando a pouca altura, fixo un picado no medio da corrente próxima á outra marxe e levantou o voo cun peixe axitándose no peteiro. Vaia, pensei, xa hai quen pesca máis ca min. Foi nese momento cando outra gaivota se botou a pola presa da primeira. Enseguida apareceron liñas máis escuras na branca barriga mentres a segunda predadora tentaba arrebatarlle. Como a cazadora se resistise a perdela, pronto o seu premio estivo destripado. Esvararíalle na axitación do combate, saltaría coa intención

de recuperala, o caso é que o peixe acabou outra vez no río e, aberto como estaba, afundiuse de inmediato. A gaivota atacante marchou deseguida; a outra pairou uns poucos segundos como buscando a merenda perdida e coa mesma voo na mesma dirección que a compañeira.

Quedei cavilando no parecido do que acababa de ver con certas situacións humanas, o que quixo ensombrecer algo o meu ánimo. Non axudaba que as troitas, quizais asustadas despois de contemplar a mesma escena ca min, seguisen sen darse a ver.

Aínda ben que unha carriza veu pousar a un proxecto de salgueiro que tiña á miña dereita, demasiado preto para o meu gusto nos lances. O paxariño, a máis cativa das nosas aves, é porén un prodixio de ousadía, e esta deixouse mirar tranquilamente case ao alcance da man. Permitín que o cebo marchase río abaixo arriscándome a perder todo o aparello con tal de manterme o máis inmóbil posible para seguir contemplando o prodixio que se me ofrecía. O cativiño cambiaba de acomodo nas gallas lanzando o seu rechouchío, que tamén parece dun ser de ben máis volume. Por fin, pode que ofendida pola miña falta de resposta ao seu saúdo, marchou.

Foron apenas uns minutos, mais, como a aquel abade Ero, a min pasoume o tempo case sen me decatar. Os seus séculos para min foron apenas horas, quizais por non compartir a fe do de Armenteira, mais, apenas faltara a pequena ave, cando quixen decatarme, o sol xa se dispoñía a mergullar atrás da serra do Cando, así que tocaba recoller os tarecos e dar pedal forte para chegar á casa coa última luz do día. A cesta chegou baleira, pero traía o corazón cheo de contento.

XURIS

*A roseira desfeita polo tempo,
as folliñas levadas polo vento,
unha raiola de sol no magnolio,
e un paxariño pousado na póla.*

*Vou pisando a herba sen mirar,
mirando escoito o vento soar,
tamén vexo caer as follas
e iso faime pensar...*

*Nostalgia doutros tempos
que nunca xamais virán.
Recordos, recordos, recordos...
e nostalgia do pasado.*

*Xardín, recórdote
cando ti a rosa me cortabas.*

Deolinda Gómez Molinos

A chave da vida

Eloy Hervella

Recordo. E levo na man unha chave que sinto como o instrumento máis valioso de todos. A chave encaixa perfectamente na fechadura dunha porta que, unha vez aberta, resulta ser o limiar dun mundo novo cheo de luz e esplendor.

Aínda que seguen a estar presentes os instrumentos do mundo vello como pantasmas que mostran nitidamente a súa condición de seres imaxinarios e prexudiciais para a vida.

Polo de agora teñen ascendencia sobre min, dado o seu arraigamento, pero eu xa intúo con diáfana claridade os seus efectos nocivos. Digo para min que é tempo de ilos substituindo por outros novos...

Pecho a porta e xiro a chave na fechadura de novo. Faise a sombra. Volvo durmir no leito de sempre.

Espertei moi sereno.



Sabedoría Infantil

Jorge Sacido Romero

- Por que non xogamos ó *brilé*?
- O *brilé* é de nenas.
- Entón voume coa pelota, que é miña.

O neno que falou primeiro colleu o balón deixando o resto dos rapaces detrás confundidos e mudos por espazo duns segundos antes de comezaren a berrar e engatar por unha árbore grande transformada imaxinariamente nun helicóptero de guerra.

Estaban ó pé dunha casa de cantaría labrada no medio dun soar chan, non moi grande, situado no extremo noroeste da capital do concello. A casa nunca fora habitada, tiña a pedra ennegrecida, as fiestras tapiadas e un tellado de lousa negra que nos moitos días de choiva deixaba pasar a auga por fendas cada vez máis grandes. Mandáraa construír había tempo un emigrante do lugar que fixera fortuna na América, coa idea de ir pasar alí a súa vellez, mais enfermou e morreu sen descendencia, deixándolle casa e terreo en propiedade ó Concello. Quizais por non estar na estrada ou polo seu estilo de construción autóctono nada rechamante, ningunha administración se sentira na obriga de facerse cargo do edificio. Como agora a ameaza de derruba era seria, a corporación municipal decidira realizar un pleno monográfico para tratar de acordar unha solución esa mesma tarde. O partido que gobernaba facíao en minoría, contando co apoio dun concelleiro independente que defendía os intereses do pobo sempre que coincidisen cos seus propios. A proposta do alcalde era converter a casa nun pequeno hotel con encanto preto do mar, administrado polo capital privado de fóra que xa tiña a concesión doutros servizos municipais e que dicía coñecer moi ben as necesidades da veciñanza. O principal partido da oposición demandaba buscar investimento público debaixo das pedras para rehabilitar o inmovible e transformalo no terceiro ou cuarto local social, mentres que o outro grupo municipal non sabía por onde lle daba o aire e non tiña proposta ningunha que facer.

Mentres o pleno tiña lugar dentro da Casa do Concello, fóra os nenos falaban con parsimonia nesta fermosa tarde do mes de xuño. Estaba

tamén o propietario da pelota da discordia, un balón moi xeitoso, suficientemente brando para non magoar as mans e duro dabondo para aguantar patadas. Acompañábano a súa prima e unhas compañeiras dun equipo de fútbol dunha das parroquias do concello. As rapazas interviñan na conversa cada vez con maior confianza, sabedoras de que a timidez dos nenos ante a súa presenza traducíase en receptividade cara ás súas palabras. Non tardaron en ir xuntos, nun ledó silencio, cara ó campo de xogos.

Como non había acordo entre os grupos, o alcalde ordenou proceder á votación das propostas. Ningunha das dúas saíu adiante porque o concelleiro independente votou en branco. A pesar do que lle prometera ó alcalde, este home ambicionaba en segredo reunir co tempo cartos dabondo para comprar a casa e o terreo, xa que lindaba coa súa propia.

Esa tarde as nenas gañaron ó fútbol e os nenos ó *brilé*. A esquina do tellado que apuntaba cara ó centro da vila afundiuse cun leve son coma un queixume dirixido ós ocupantes do Concello.

Nota aclaratoria: o autor quere deixar constancia de que o presente relato non ten nada en absoluto que ver cos recentes acontecementos políticos no Concello de Outes.



CONSTRUCCIÓN BLANCO

**Traballos de
Albanería
e Cantería**



Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com
facebook.com/construccionblanco/

Un “remake cativo”, con final feliz??

Ben, ultimamente todo o parecido coa realidade é unha mera copia. Referímonos á decisión do concelleiro do PSOE local de abandonar o barco que, segundo el mesmo di, vai á deriva... e todo por uns espellos e un sinal que non veu no tempo e na forma. É unha maneira de zafarse, pensa moita xente ó respecto.

Tras a deliberación dos cinco días ou máis, éche boa verdade que todo se pega, pois non ía ser menos un edil de Outes; se o fixo o xefe central, por que non? Porque eu o vallo! dicía aquel slogan de Ilon Specht, universalmente famoso...

Tantas ganas contidas para ser a chave de goberno, tanta ansia por gobernar e, despois de todo, en modo Schettino, abandona o barco, pois non hai moito que facer, segundo o seu respectable parecer. Cando un non ten o mínimo de intelecto pode valer ata para concelleiro da oposición, he he, ten que valer, e este vai de sobrado, pois teno mamado... he he, oposición sacada... número un... que menos para un recadeiro de libro...

Debido ós números de votos tan axustados das últimas eleccións, o normal era que se xuntase co BNG e con Compromiso para facer un Goberno por catro anos; máis natural que sumarse ás filas do PP, que podería ser... Hai xente que por gobernar xuntárase con quen menos se esperaba, e punto final!


A fórmula dos tres alcaldes non funcionou ben, pois era moita gobernación para tan pouca iniciativa e moitos intereses. Veremos en que queda!

A xente tamén fala de máis cousas que non lles parecen de todo acertadas, como a próxima humanización da rúa da Vila, pois cren que non ten tanta necesidade de retocar e que hai máis rúas que si necesitan urxentemente poñelas ó día canto ó servizo de saneamento e beirarrúas, pois levan moitos anos sen tocar.


Por outro lado, o PP local, acollendo este tipo de fenómenos nas súas filas, defínese por si só... unha mágoa, por seguir criterios absurdos e puntuais... mais o que suma que non reste... é o que se busca, mais o tempo e a memoria colectiva dirá... falará... votará...

E, por último, unha petición popular: que na nova corporación, co discolo incluído, he he, patético!... non permitan, como ata agora, que o corpo da policía local siga tendo esa permisividade xeral para os seus membros facer o que lles praza e, polo menos, que non sexan vistos de uniforme e coa pistoliña pola que cobran un plus a maiores... tomando viños e cervexas sen consecuencias, pois ese tipo de actos son máis que reprochables, pois non pasan nin o pensan en ningún concello limítrofe ou achegado... é inadmisíble e punto!! Estaremos á espera...

Lusco e Fusco



ASÍ NON ...



Un exemplo do “feísmo” nas fachadas

ASÍ TAMPOUCO ...



Sumidoiros tupidos. Mantemento cero

NIN DE BROMA ...



Seguen quedando as luces nos locais públicos acesas. Desidia

“AS RECEITAS DE TÍA JU “

GALLETAS CANTUCCI

Ingredientes:

- 300 g de fariña
- 210 g de azucre
- 2 ovos
- 4 g de fermento en po
- 2 g de bicarbonato
- un chis de sal
- 60 g de manteiga á temperatura ambiente
- 125 g de améndoas tostada sen sal.

Elaboración:

De primeiras, mesturamos —non amasamos— tódolos ingredientes menos as améndoas.

Incorporámo-lo resultado e, deseguido, dividímo-la masa en dúas *baguettes* e enformamos por 30 minutos a 180°.

Pasado o tempo, retirámo-la masa do forno e cortamos en toros, dándolle forma de rebanda e, coa mesma, ó forno 5 minutos e listo para probar.



Julia Seijo

O Incendio

Sara Vila Alonso

Edicións Xerais, 2024

200 páxinas

O lume, protagonista desta novela onde a historia xira arredor dun incendio. Sabemos que se vai producir pero non como nin por que. Unha rapaza adolescente cóntanos como son os seus días na escola, onde non se sente comprendida, e na casa da súa avoa en Neboeiro, onde lle encanta estar e onde pode ser ela mesma.

Escrita en primeira persoa, descóbreonos o acoso escolar que sofre, as súas primeiras experiencias sexuais, o que acontece polas tardes cando queda coa avoa e que pasa cando esta se vai facendo maior. Todo isto escrito de maneira sinxela e fluída, sen miramentos.

O vínculo que ten a protagonista coa súa avoa, e incluso coa cadelinha que atopa, fai do relato un remanso de tenrura que nos lembra que nós tamén fomos uns rapaces de aldea.



Gañadora do XLII Premio de Novela Blanco Amor, Sara Vila Alonso é total merecedora, sitúanos na aldea das nosas infancias, onde pasabamos os veráns cos avós, e que hoxe algunhas delas están esmorecendo, igual ca eles.

Rocío Otero

Miña terra galega!!

Os galegos somos moito de especular, coma unha nova estética de nós mesmos no tempo e o que nos tocou bailar. A nosa propia dispersión no espazo quedou gravada no propio ADN cultural e psicolóxico, no momento de relacionarmos uns cos outros. As consecuencias de todo isto reflíctense nas distintas personalidades que acaban por representar as nosas xentes. É común e xeral.

Como galegos, o noso é subir ó púlpito e lucimos, sexa na taberna ou no adro da capela, pois andamos sempre na busca eterna dun anaco de gloria. Cantareas de furanchos, cuncas de viño e coa mesma dando forma a esa sabedoría popular do noso folclore, poñendo en valor todo o que implica no ámbito dos sentimentos, entre paisanos, dando renda solta á personalidade de cada quen nas noites de inverno, e non tan inverno, pois adormecen o espírito, mais soltan as vivencias acumuladas xunto coas ganas de exercer, dunha forma consciente ou non, eternas discusións, adornadas cunha lóxica circense a maioría das veces.

Na reflexión, quedan os camiños vellos, ben pisados, empedrados ás veces, onde discorreron por moito tempo os carros dos nosos

devanceiros. Traballos e dificultades da man, xeracións de homes e mulleres loitadores que nos precederon. Todo un exemplo para seguir, mais a escravitude de que somos vítimas nestes tempos tan modernos, cunha vida de prestado, onde o individualismo domina sen sombra, nunha triste decadencia, nunha desfeita. Como remate, despois dunha vida recollida, afanosa, de purgatorio na terra, chegamos a un resultado cheo de necesidades, de coidados, dunha melloría demandada chea de sacrificios, onde se albisca un chisco de esperanza tan necesaria, encamiñada a levarnos a tempos mellores e tan merecidos.



Xastre

Cocido do Entroido 2025

X.M.V.Luhia-Especht

O pasado 1 de marzo, unha banda de Correos, sendo fieis ás nosas tradicións, xuntámonos unha vez máis para unha cita carnavalesca, o tradicional cocido, e, nesta ocasión, celebramos o evento na casa rural A Ribeira do Tambre, sita no lugar de Troitosende, pertencente ó concello da Baña.

O día estaba aireado do norte e acaílle unha comida coma a contratada para esta ocasión, pois, a pesar do solíño, ventaba moi fresco.

Xuntámonos alí os de case sempre, pois estaban situados, a maioría disfrazados para a ocasión e outros atrevéronse despois da comilona, xa que a timidez co estómago baldeiro disque diminúe... en fin !!

Puiden recoñecer o Alberte, Celsa, Sonia, Conchi e Raúl, Susana, con Manuela ó meu lado de pé. Ségueme Loli, Xosé Antonio, Iván, Xulia con Xosé Antonio e Desi tamen de pé. Ó seu lado Toni e Maite, Xosé Ramón, Isabel e Xoán rematando a mesa.

A variedade de entroidos marcou a pauta, pois tiñamos desde un Mario Vaquerizo de última hora, un espantallo de palla, a Muller Marabilla e Batman como heroes recoñecidos, uns piratas do Tambre, pois o Caribe quedáballes a contramán, felinos diversos, Charles e Caroline Ingalls da Casa da Pradeira, un xeque árabe de bo dente e mesmo Wally, que estaba na busca e captura, estaba connosco.

Unha vez máis, a finalidade do evento superou as expectativas e demos por boa a xornada culinaria, a pesar de que facía un día aireado e fresco, razón de máis para acompañalo cun bo cocido calórico, como así foi.



Actividade do Grupo de Teatro da A.C.C. Terra de Outes. Ano 2024

Comezamos e afrontamos o novo ano 2024 coa confianza -é un dicir, nin toda- de xa termos superado a proba entre as probas, que foi o representar a obra que tiñamos para todo o ano 24, *Comedia Bífida*, no 15 de xaneiro, para o IES de Outes. Foi importante, porque era coma unha toma de contacto. Reducimos a obra, polos horarios do IES, en media hora, e a cousa foi ben. Aínda así, os nervos estaban aí, o 3 de febreiro era o día. Debutabamos para a xente adulta do concello, sen menosprezar a rapazada, mais tiñamos en conta que habían de estar familiares, amigas, veciños..., e era como se o do IES non fose alá moita experiencia para nos dar a tranquilidade necesaria. Sabíamos, porén, que a autoconfianza e esa tranquilidade conseguiríamola con ensaios produtivos e dominio tanto do texto coma da interpretación.



Con iso avanzaríamos de vez, aínda que é ben certo que por moitas representacións que leve un ao lombo, cada unha nova é outro mundo e sempre existe, e existirá, a falta de tempero suficiente, e máis se, por riba, é na casa.

3 de febreiro, Casa da Cultura de Outes

O grupo clausuraba o Outono Teatral do concello. Moita expectación e desasosiego polas dúbidas que sempre veñen á cabeza... sairá todo ben? Nós chegamos a ese día cos deberes feitos, aínda que sabemos que hai cousas que, por moito que as ates con sete cordas, poden escapar.

A Casa da Cultura chea, aínda algunha xente ficou fóra, ao estar a sala coa capacidade cuberta. O grupo con nervos, mais coa vontade de saír á escena. As luces e o son baixo control.


Todo a punto. E actuamos. E gustou. Felices pola boa hora e media de teatro que, con certeza, ofrecemos do noso mellor facer. Un servidor, que xa pasara por moitos momentos coma este, sabía que unha obra non é "túa" até que se represente unhas catro ou cinco veces. Si, é certo, isto pode ser persoal e non fixo, mais tamén o é que non a dominas até que o grupo se rode en diferentes escenarios. As pezas de teatro fan parte de cada unha de nós ao interiorizalas e chegar a ter unha visión argumental completa, non apenas de anacos soltos, os que toca a cada quen memorizar ou parte dos dos demais. Cando se domina por completo unha obra e a representas sen medo a fallar, alén de transmitir o dominio, ás veces aínda te aventuras a incorporar cousas da propia colleita e mesmo improvisas sen medo, se o texto se vai das mentes por algún momento.



O día do noso debut "grande" foi un bo día. Apenas un pequeno atranco cunha pequena parte no desenvolvemento da obra, mais nada importante.

25 de febreiro, local social de Laraño, Compostela

Tres semanas despois fomos a Laraño, unha parroquia de Compostela. Tocounos nun domingo a representación, convidados por Xurxo Barcala, membro do grupo de teatro profesional Talía Teatro. Xurxo dirixe uns cantos grupos pola zona compostelá e un deles era o deste lugar e o local era onde ensaiaban. Unha casa moi xeitosa que, polo que deducimos, era unha vella escola que



aínda tiña as entradas separadas por sexos. Dentro xa era outra cousa, teatralmente falando. Estaba reformada e modernizada con moito gusto, mais non foi adaptada para o teatro, polo que, entre unhas cortinas que nos trouxeron e estarmos apertados por tras delas, fixemos o que ben puidemos. Á fin de contas, con amor polo teatro actuaríamos enriba dun carro se fixer falta. Nestes casos, e non foi do peor, nin moito menos, un sempre se lembra do filme *El viaje a ninguna parte*, de Fernán Gómez. Ese é o espírito, e é o noso. Obrigado, Xurxo



23 de marzo, local da Esteirana, Esteiro

Esta debeu de ser a única vez que saímos descontentos. E foi en Esteiro, a onde fomos convidados polos nosos bos compañeiros e compañeiras d'O Xeito, nun local adecuado para o teatro de inmejorable maneira polos compañeiros esteiráns. Comezamos xa, premonitoriamente, con fallos no son, seguidos de erros nosos tanto no texto coma na disposición. Foi un mal día para nós, desde dentro sabíámolo, aínda que desde fóra a xente máis achegada che di que non se notou nada, que o público se foi contento... nós sabemos que nestas ocasións algo che preocupa e sabemos o que é. Nós para a fronte, disto tamén se aprende e se tira proveito.

16 de maio, Casa da Cultura de Muros

Chegamos a Muros, á Mostra de teatro Xosé Agreló -cantos *agrelós* farían falta no noso país!- o 16 de maio, na semana das letras galegas, xusto no día antes do día en concreto que se celebra tan galega efeméride. Días, semanas, letras... todos os días terían que ser das letras, da lingua, para a salvar do burato sen fondo ao cal está encamiñada. E nós representabamos *Comedia Bífida*, que trata o asunto con ánimo reflexivo cara á sociedade en xeral, afastada de tales compromisos pensadores. Unha grande noite, que tamén nos valeu para, desta, saírmos cun sorriso.

6 de outubro, Casa da Cultura de Melide

Paramos cinco meses e retomamos en outubro, en Melide. No seu Ciclo de Teatro no Camiño, onde tivemos a oportunidade de coñecer o grupo de teatro amador de alí, con Mari á cabeza, dirixindo e presidindo a asociación Charamela. Foi dentro dun intercambio, a través do cal acabarían vindo a Outes. Fantástica acollida, posterior cea co grupo Charamela e gratas sensacións. Outra boa noite para a nosa conta. E felices de facer teatro!



17 de novembro, local social do Araño, Rianxo

Este do Araño e o posterior de Cerdido foron os dous locais que máis traballo de montaxe nos deron. Dous lugares que non foron pensados para o teatro. Tivemos que pensar ben as cousas para que a montaxe fose axeitada aos requirimentos mínimos para nos desenvolver sen trabas e con sultura escénica. Así, neste tiñamos un problema adicional: un palco que non chegaba ás paredes do edificio polos laterais, contando coa posibilidade de caermos desa altura.

Afortunadamente, fomos uns días antes inspeccionar o sitio e tomamos medidas para solucionar as varias deficiencias.

Levamos cortinas que pedimos na nosa casa da cultura -onde sempre temos que agradecerlles a Santi, Mercedes, Rosa e aínda Marita, que tamén nos ten axudado- para completar o escenario. Saíu todo ben, aínda que non foi moita a xente que se achegou.



23 de novembro, local social de Cerdido

E nós pensando que Melide sería o lugar máis lonxe a que iríamos... Cerdido está a dúas horas, máis perto de Ortigueira que de Ferrol.

Fomos a través da Rede Cultural da Deputación, coma ao Araño, entrando nunha xornada dedicada aos vellos e vellas do concello, previos a un final con banda de música actual, chocolatada e sorteo de agasallos entre os asistentes.

Sen dúbida, o que máis traballo nos deu na montaxe e adecuación do escenario. O local era outra escola da época construído grazas á achega dos emigrados, mais este sen renovar moito.

Tamén nos foi moi ben, boa experiencia... e aínda apañamos algúns agasallos no sorteo!



6 de decembro, Casa da Cultura do Milladoiro, Ames

E, como último evento teateiro ao que fomos no ano 2024, O Milladoiro, dentro da Mostra de Teatro Amador de Ames, que retornaba após anos parada. Temos que agradecerlle á nosa veciña e técnica da Cultura de Ames, María Vázquez, que tivo a deferencia de nos convidar.

Notouse que xa levabamos representacións connosco, porque foi onde máis desfrutamos e, así, mellor nos saíu. Acabamos o ano, ademais, coa sorpresa de nos acompañar entre o público Manuel Núñez Singala, autor da obra. Boa resposta de público e marco do mellor para terminarmos o ano, o noso primeiro ano de representacións, primeiro de moitos e moitos, con certeza.



Que as musas, Dioniso ou quen for, nos boten unha man para que este 2025 cheo de emocións e obra nova sexa, polo menos, como o pasado 2024.

O nome oficial da Galiza (e II)

Xosé Carlos Gz Añón

(Vén do número anterior.)

9.º Como xa vimos, a RAG, en 2003, xusto ó mesmo tempo en que pasaba a recoñecer por fin *Galiza* como forma (“tamén”) lexítima, preocupouse de engadir que *Galicia* é a *denominación oficial* do “país” (repetimos que con pouco rigor, xa que o que é “oficial” é a *comunidade autónoma*). Para isto baseáronse, segundo recoñeceu a propia Academia, no Estatuto de autonomía, a pesar das cuestións que expuxemos nos apartados anteriores que poñen en dúbida esa conclusión; cuestións xurídicas, posibelmente, descoñecidas por moitos membros da RAG. E resulta moi discutíbel a competencia da Academia para realizar tal afirmación, xa que a súa autoridade, recoñecida, por exemplo, na Lei de normalización lingüística, é precisamente lingüística, non xurídica.

En todo o caso, deixar así a devandita afirmación nas NOMIG, sen ningún matiz, resulta incongruente ou, polo menos, parcial. Sería coma se, cando se resolveu que *Melide* é a forma galega, se engadise que *Mellid* debe se-la oficial porque até entón así o era (exemplo que se pode multiplicar case que ó infinito).

En resumo, **o feito de a RAG ditaminar nas NOMIG que *Galicia* é a denominación oficial con base nun estatuto redactado en castelán (ou en traducións galegas xuridicamente non vinculantes) cando aínda non se recoñecía a forma *Galiza* é, como mínimo, paradoxal e semella produto, como antes indicamos, de prexuízos subxectivos.** Prexuízos que resultan evidentes nalgúns intervencións daquela dos membros da Academia, mesmo nas reunións oficiais, e cuxas probas podemos observar por tódolos lados desa institución: así, o *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG) amosa un “lixeiro desequilibrio” entre as dúas formas que, teoricamente, acepta a institución: *Galicia* aparece nel máis de 200 veces e *Galiza*... ningunha (0)!; para iso, a

RAG non tivo reparos, por exemplo, en deturpa-lo título orixinal da célebre obra *Historia de Galiza*, dirixida por Otero Pedrayo, e nomeala no DRAG como *Historia de Galicia*: <https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/historia>.

10.º Un escrito asinado polo presidente da RAG en 2008, Xosé Ramón Barreiro, en resposta a unha pregunta formulada dende a Xunta, afonda aínda máis nestes prexuízos e manifesta que «*Galicia* é o “único” topónimo oficial do “país”, “tal como consta no Estatuto”». E lembra que a Academia tratou nas NOMIG de evita-la «“esquizofrenia” de dous nomes oficiais», porque «un país non debe ter máis ca un nome na súa propia lingua».

É dicir, que **a Academia Galega, para evita-la esquizofrenia, opta pola palabra castelá.** Talvez iso é o que podería cualificarse de esquizofrenia. Certamente, semella obvio que o óptimo sería que un país tivese un só nome na súa lingua e, de feito, así é no noso caso: o nome galego é *Galiza*.

Ademais, coa redacción das NOMIG, caberían respostas moi diferentes á que se buscou nesa de 2008. Así, aínda que as NOMIG din que *Galicia* é a denominación oficial, poderíase inclusive interpretar que simplemente constatan a denominación na lingua do Estatuto (é dicir, á denominación en castelán, segundo indicáramos no apartado 6.º). Outra interpretación alternativa podería ser que se refiren á situación nese momento, é dicir, á situación anterior á vixencia da propia reforma de 2003, cando a forma *Galiza* aínda non estaba admitida pola RAG. E, como as NOMIG non din que *Galicia* sexa a “única” forma oficial posíbel, poderíanse considera-las dúas formas ó mesmo nivel, como solución provisoria menos má e consecuente coa decisión simultánea da Academia sobre a lexitimidade lingüística das dúas.

Todo isto, alén, insistimos, da ausencia de competencia da RAG, tanto nas NOMIG de 2003 coma nesa resposta de 2008, para ditaminar sobre a cuestión xurídica da denominación oficial. De feito, **a propia RAG lembra expresamente a miúdo que non é ela quen resolve a oficialización dos topónimos.**

11.º En relación cos dous apartados anteriores, podemos concluír que unhas normas ortográficas e morfolóxicas non son o lugar, nin a RAG é a institución competente, para determinar cal é o nome oficial do, como din as NOMIG, “país”. Como máximo, poderían propor cal debería ser, segundo razóns lingüísticas, ou constata-lo que as autoridades xurídicas resolven ó respecto. Mais non parece se-lo caso: a redacción das NOMIG tómasse como unha resolución auténtica e incontestábel e, xunto coa resposta de 2008, sérvelles de coartada a todo o sistema e ós medios afíns ó sistema para censura-la forma *Galiza*.

12.º Con todo, certo é que a opinión maioritaria da xente xurista é aínda (malia que ás veces por rutina) a de que o nome oficial da comunidade autónoma é *Galicia*, tamén en galego.



Os vellos poderes e entes do sistema establecido non perden case que nunca a ocasión de perpetua-lo topónimo de galeguidade discutida: *Galicia*

Porén, aínda no caso de que se asumise ese escenario, non sería motivo para censura-la forma *Galiza*, censura (ou deturpación) que se practica en case que tódolos lugares do sistema dominante: manifestamente, nas institucións públicas (políticas e de todo o tipo, inclusive nos organismos oficiais lingüísticos ou culturais, como o Consello da Cultura Galega), mais tamén nos medios de comunicación hexemónicos. Como antes dixemos, cando nos referimos ó noso país non o facemos a miúdo no sentido xurídico-político de comunidade autónoma. E inclusive nos casos en que así o fixésemos, acaso obrigan eses medios e entidades a usar sempre *Federación Helénica*, que sería o nome oficial, e non *Grecia*, *República Arxentina* e non simplemente *Arxentina*, *República Popular Democrática de Corea* e non *Corea do Norte*, *República Francesa*... etc. etc.? Ou prohiben o nome de *Baleares* porque o oficial é *Illes Balears*? O emprego de *Galiza* débese considerar absolutamente lexítimo na linguaxe común, independentemente de cal fose a denominación oficial, principio que podemos estender á denominación das institucións ou entidades públicas, por exemplo, o Parlamento da Galiza ou a Xunta da Galiza (alén de que a cuestión de cal é aquí o nome oficial da institución podería ser tamén discutíbel).

13.º Semella, polo tanto, que o asunto da denominación oficial é un pretexto e que o que realmente hai son prexuízos que levan a censura-la forma *Galiza*, que é a forma autenticamente galega da nosa palabra máis importante, a que nos identifica como país, para optar, en cambio, pola outra forma, *Galicia*, a cal numerosas autoridades lingüísticas non dubidan en cualificar de castelanismo. As excepcións a este comportamento censor atopámolos en publicacións non sistémicas ou nos grupos defensores da lingua máis comprometidos: *Sermos Galiza* / *Nós Diario*, A Mesa pola Normalización Lingüística, a ASPG...



Concello de Arzúa, un exemplo para seguir

Conclusións:

A cuestión do topónimo nacional abrangue, polo menos, tres perspectivas diferentes:

- Dende o punto de vista da filoloxía e da ciencia lingüística, *Galiza*

é considerada, sen discusión, a forma propia do galego. A forma *Galicia*, pola contra, é discutida e estudos rigorosos ditaminan que é palabra só castelá, non galega.

- Segundo a norma lingüística oficial, a RAG permite hoxe as dúas formas na lingua galega, malia que, na práctica, tanto ela coma os demais axentes do sistema establecido privilexien a forma castelá (*Galicia*) e asoballen a galega (*Galiza*).

- En terceiro lugar, canto á regulación xurídica sobre a denominación oficial, a opinión dominante sostén que o nome oficial da comunidade autónoma é, exclusivamente, *Galicia*, aínda que existen argumentos, como aquí expuxemos, para discutir esa posición.

En todo o caso, o lóxico sería que a segunda e a terceira perspectivas, que dependen da decisión das institucións e poderes públicos, fosen congruentes coa evidencia científica descrita pola primeira e, polo tanto, ser *Galiza* a única forma galega recoñecida oficialmente. A situación actual, desafortunadamente, parece rexeitar esa congruencia.

Aínda así, podemos dicir como resumo que **a forma *Galiza* é hoxe totalmente oficial segundo a norma lingüística da Academia** e que, ademais, **é posíbel, fronte ó pensamento común, defendérmola tamén na cuestión da denominación do territorio oficial na lingua galega**.

Propostas:

Con todo, no actual escenario autonómico, sería oportuno e necesario impulsar dende tódalas fronteas posíbeis unha actuación permanente para que a forma *Galiza*, a autenticamente lexítima, sexa a que apareza de maneira expresa no Estatuto de autonomía. Polo tanto, esta debe ser unha demanda irrenunciábel nunha reforma estatutaria e un motivo máis, non marxinal, para impulsala.

Mais, aínda sen esa reforma, sería moi importante, cando se dispuxer dunhas maiorías políticas comprometidas co galego e respectuosas coa ciencia lingüística, realiza-la mudanza do nome nas traducións ó galego do Estatuto actual publicadas por institucións oficiais (a Xunta, o Parlamento etc.), pondo *Galiza* no lugar de *Galicia*, do mesmo modo que se modificaron outras palabras ou expresións para as corrixir ou actualizar. Malia esas versións non teren valor xurídico vinculante, non hai que obvia-la importancia práctica que tería esa mudanza, coa cal se eliminarían, sen necesidade dun procedemento de reforma formal do Estatuto, moitos dos obstáculos e pretextos que dificultan hoxe o uso da forma *Galiza*.

Outra medida esencial sería incluí-lo topónimo indiscutido lingüisticamente, *Galiza*, no nome dos organismos, entidades e sitios públicos, comezando xa polos novos que se crearen, e nas actuacións públicas de todo o tipo (normas, programas, documentos, cartelaría, comunicación...), para lle da-la volta á rutina permanente coa cal, dende o descoñecemento ou a prepotencia e sen consultaren con ninguén, os poderes públicos tradicionais case que nunca desaproveitaron a ocasión de introducir e perpetua-lo que é discutido: Radiotelevisión de Galicia, Augas de Galicia, Turismo de Galicia, MeteoGalicia, Galicia Nomeada etc. etc.

E tamén, xa, habería que lle exixir á RAG retirar das NOMIG esa afirmación sobre a "*denominación oficial*" do "*país*", parcial e improcedente, tal como está, nunhas normas ortográficas e morfolóxicas.

Son estas, na práctica, algunhas solucións, alén dos argumentos que aquí expuxemos, para podermos comezar a nos liberar da censura sobre a nosa palabra máis valiosa: ***Galiza***.

A dieta atlántica de Añón (VI)

Ramón Blanco

"Papiñas con leite
Tamén che darei,
Sopiñas con viño
Torrexas con mel."

Rosalía de Castro

No anterior artigo dabamos conta do interese que amosaba Xosé Luís Pensado, como filólogo de raza (del foi discípulo en Salamanca don Xesús Alonso Montero, de quen tamén nos ocupamos no dito texto), na documentación da voz galega *mociço* no s. XVI, non recollida nos dicionarios como de uso vivo até Saco y Arce, que comenta o dito refrán: "No hai tal vizo como pan de trigo e leite mocizo". Lembramos que o "*leite mociço*" sería o leite coa tona e recomendamos a lectura do orixinal ("Velloso refráns galegos sobre o leite") coas reflexións de Pensado, filoloxía en estado puro e tempo real, o gozo de asistir a unha clase maxistral a través desas liñas. Nota que o refrán indica que "entre nós o tomar *pantrigo* con *leite mocizo* era un *luxo*, *casevicio*, ó alcance de moi poucos". E destes pequenos luxos alimenticios estamos a falar desde hai xa varios números. Hogano lambonadas como o leite frito ou o aínda máis azucrado doce de leite poden levar a palma na escala das peperetadas que teñen unha base láctea, mais noutro a pobreza facía menos esixentes os padais dos paisanos, como xa vimos. Ecos da fame de antano, non necesariamente pasar fame mais, abofé, non ter cheas, non só na montaña, senón tamén na ribeira, propiciaban coplas como as que publica Álvaro de las Casas na revista *Nós* en 1931: "Si todo o mar fora leite/ e Montelouro

boroa,/ xa terían que comer/ os tramalleiros de Boa" ("Pra un Canzoneiro de Noia", sección "Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza"). Non podemos deixar de lembrar o que nos contaba un amigo ferrolán: seu pai, home que andaría hoxe cerca dos cen anos, cumpriu o servizo militar nas Canarias, nos anos da fame da posguerra. O meu amigo escoitou sempre este cantar de mocidade militar: "Si el mar fuera de leche/ y el Teide fuera de gofio.../ ¡vaya negocio, vaya negocio!". O gofio é unha fariña típica das illas Canarias, obtida de cereais (habitualmente trigo ou millo) torrados e moídos. Dous montes distantes unidos polas imaxinacións que a fame crea. Cal creou antigas cancións como a sefardí "La serena", cuxos versos iniciais din algo así: "Si la mar era de leche/ Los barquitos de canela/ Yo me mancharia entera/ Por salvar la mi bandera".

Será por ser cantiga, e non refrán, que non atopamos a antedita cantiga sobre Monte Louro no breve *Refraneiro do Mar* saído da Imprenta Loroño (Noia, 1936), na colección Renacimiento (impulsada, cremos, polo propio Álvaro de las Casas; o feito de non sabermos nada do autor do refraneiro, Santiago Loureiro, aínda nos fai sospeitar se non será un pseudónimo daquel). Máis estraño aínda nos parece que non a inclúa o muradán, e noiés de adopción, Manuel Fabeiro en ningunha das tres series do seu "Cancionero de Muros", publicado no *Boletín* da Real Academia Galega (1955 e 1968); a diferenza das augas que bañan as dúas vilas, non sempre se mesturarian as súas cantareas... (certamente a perspectiva é noiés, pois Monte Louro é punto clave para calquera mariñeiro da ría). Si inclúe Fabeiro unha copla que lle acae ao tema que imos introducir: "E vëndeme os bois,/ e vëndeme as vacas,/ e non me vendas/ o pote das papas". En Muros é tradición comer papas (disque de arroz) o Domingo de Ramos (escribimos isto xusto o día despois), e sosteñen os máis vellos que este agradábel ritual libra as casas de lles entraren as formigas. Pensamos que as papas ás que se refire a cantiga que anota Manolé Fabeiro son máis humildes e autóctonas: as que se facían con fariña, triga ou milla. No primeiro poema dos Cantares Gallegos ofrécenselle á meniña diversos manxares campesiños, entre os cales non faltan as "papiñas con leite". Rosalía de Castro introduciu a nosa gastronomía en moitas das súas páxinas (ao tema dedicoulle hai pouco un libro o poeta Xavier Rodríguez Baixeras). Destaca especialmente outro poema, en *Follas Novas*: "¡A probiña, que está xorda...!", no que a velliña é acollida na farturenta casa da "rica da montañesa", onde hai comida a eito e se fan "papas de arroz en caldeiras".

Escribindo en Semana Santa aínda teríamos que falar das torradas (*torrijas*), inda que igual non sexa costume galego esta sobremesa en tempo de Coresma. Quedemos coas atemporais "torrexas con mel" de Rosalía. Mais non nos pasemos de doce, deixemos por hoxe, que: "Aunque la dulzura halaga, la mucha miel empalaga", ou dito doutro xeito: "Quen todo é mel, cómeno as abellas". E, como veremos: "O que queira o mel, ten que aguantar as aguilloadas".



Monte Louro, por Antonio Selgas, 1954